



**Convenio suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Larouco para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa**

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Por unha banda, Ánxeles Vázquez Mejuto, en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 148/2016 do 13 de novembro (DOG nº 217 do 14 de novembro de 2016) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, Joaquín Bautista Prieto Rodríguez, alcalde do Concello de Larouco, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio de colaboración:

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** A Consellería do Medio Rural, na forma establecida no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a súa



estrutura orgánica é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española e no Estatuto de autonomía.

**Segundo.-** Dentro das funcións da Consellería do Medio Rural atópase, segundo o citado Decreto 166/2015, do 13 de novembro, o exercicio das funcións no referente á elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural, co obxectivo directo da mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestrutura, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

**Terceiro.-** Dentro dos plans de actuacións anuais de concentración/reestruturación parcelaria e de mellora das infraestruturas rurais inclúense:

- A construción de camiños principais e secundarios para dar acceso ás novas fincas de reempazo, de acordo co artigo 60.2.a) da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que con posterioridade son entregadas aos concellos, pasando a ser de titularidade municipal, correspondendo a eles a súa conservación e mantemento.



- A mellora da rede viaria a través dos Plans Marco de mellora de camiños de titularidade municipal.
- Actuacións directas da Consellería do Medio Rural na mellora das infraestruturas rurais mediante a sinatura de convenios de colaboración cos concellos.
- Actuacións na modernización dos regadíos das Comunidades de regantes de interese xeral.

**Cuarto.-** Os concellos teñen atribuídas, a teor do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), competencias en materia de conservación de camiños e vías rurais e prevención e extinción de incendios.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece as distancias mínimas de desbroce e as zonas de seguridade respecto de casas illadas e núcleos de poboación e redes primarias (infraestruturas lineais de prevención e defensa) de faixas de xestión da biomasa e de seguridade libres de maleza.

As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

**Quinto.-** Galicia ten unha das redes viarias máis amplas de España, máis de 17.000 quilómetros de lonxitude, incluíndo as vías de titularidade estatal, autonómica, deputacións e concellos. Existe lóxicamente unha relación entre a lonxitude total do viario de dependencia municipal e a extensión superficial e a poboación, pero tamén outros factores inciden



de maneira relevante como son a dispersión dos núcleos, o tamaño das parcelas e a orografía, sendo os concellos de menos de 10.000 habitantes case o 65 % do total, sendo a correspondente proporción moi superior no viario interurbano que no urbano.

**Sexto.-** A conservación das estradas e camiños en Galicia necesita dunha importante cantidade de recursos e de grandes esforzos. A conservación en bo estado e libre de maleza das cunetas e das marxes dos camiños e estradas é un elemento de vital importancia para manter o bo estado dos firmes e a seguridade na circulación sobre eles e para a prevención de incendios.

**Sétimo.-** Así mesmo, o mantemento en bo estado e libre de maleza das masas comúns das zonas de concentración/reestruturación parcelaria é unha obriga legal para o titular da masa común, neste caso as de propiedade municipal. Ademais, a titularidade de parte das fincas pertencentes á masa común de diferentes zonas de concentración parcelaria foi recoñecida aos concellos onde radican, na base ao disposto na Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (D.O.G. nº 131, de 14 de xullo de 2015).

**Oitavo.-** A colaboración que se pretende con este convenio, de claro interese público e social, presenta dificultades para promover a súa concorrencia pública, conforme ao disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, xa que a Consellería do Medio Rural quere centrar a súa actuación en colaboración co concello de Larouco.

Ambas as dúas partes acordan a sinatura do convenio de acordo coas seguintes:



## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

O obxecto deste convenio é fomentar o mantemento libre de maleza das infraestruturas rurais de titularidade municipal, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da adquisición, por parte do Concello, dun (1) vehículo tractor novo e dous apeiros desbrozadoras (unha trituradora e outra de brazo).

### **Segunda.- Actuacións subvencionables**

A axuda obxecto deste convenio destinarase á adquisición dun (1) vehículo tractor novo e dous apeiros desbrozadoras (unha trituradora e outra de brazo) novos para a limpeza das infraestruturas rurais municipais e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

O vehículo tractor e os apeiros deberán cumprir as características técnicas mínimas que se detallan no anexo ao presente convenio.

### **Terceira.-Gastos subvencionables**

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.



Considérase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

O orzamento máximo de gasto para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio é o seguinte:

Actuacións	Importe máximo (IVE incluído)
Adquisición do vehículo tractor e dous apeiros desbrozadora (unha trituradora e outra de brazo) novos	102.850 €

#### **Cuarta.- Orzamento e Obrigas do Concello de Larouco**

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, o Concello de Larouco comprométese a:

- Financiar as accións do presente convenio, dentro da partida orzamentaria 6.609, durante o seguinte exercicio orzamentario e co importe máximo de:

<b>ANO</b>	<b>IMPORTE</b>
Ano 2018	32.000 €

- Adquirir o vehículo tractor coas desbrozadoras para utilizalo nas labores de desbroce nos camiños e estradas de titularidade municipal así como nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa de ámbito municipal para a protección dos núcleos poblacionais.



- Ter o tractor cos apeiros en perfectas condicións mecánicas e de dotación, así como estar ao corrente en toda a documentación do vehículo cumprindo coas obrigas administrativas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de aseguramento, impostos, etc.
- Inscribir o tractor no rexistro oficial de maquinaria agrícola (ROMA) ou, no seu caso, adicalo a obras e servizos.
- O vehículo estará vinculado ao cumprimento desta finalidade durante a súa vida útil e en ningún caso por un tempo inferior a 5 anos.
- Efectuar as reparacións e revisións o antes posible e sempre a conta deste, para garantir o seu continuo funcionamento.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Consellería do Medio Rural en lugar ben visible.
- Facilitar a inspección e control da Consellería do Medio Rural, co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.

Doutra banda, o Concello, previamente á sinatura do presente convenio, presentará:



- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración xurada na que conste o compromiso de cumprimento das obrigas contempladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do disposto no Artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Autorización á Consellería do Medio Rural para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.

Tamén será requisito, que o Concello cumprira o deber de remisión ao Consello de Contas da contas xerais de cada exercicio.

#### **Quinta.- Orzamento e obrigas da Consellería do Medio Rural**

A Consellería do Medio Rural financiará as accións do presente convenio, dentro da partida orzamentaria 2018 13 04 551A 7600, proxecto contable 201700084, durante o seguinte exercicio orzamentario e co importe máximo de:



<b>ANO</b>	<b>IMPORTE</b>
Ano 2018	70.850 €

O financiamento por parte da Consellería das actuacións obxecto do presente convenio si é compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin sempre e cando o conxunto de axudas non se supere o importe do obxecto do convenio.

#### **Sexta.- Xustificación**

O Concello de Larouco estará obrigado a xustificar ante a Consellería do Medio Rural, antes do 9 de novembro de 2018, o cumprimento da finalidade da convenio e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa do convenio en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
  1. O cumprimento da finalidade da subvención.
  2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

3. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios.
4. Declaración dos importes doutras axudas para esta finalidade.
5. No seu caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Consellería do Medio Rural verificará mediante certificación dun técnico da Consellería que o vehículo tractor e as desbrozadoras cumpren cos requisitos estipulados no presente convenio (tanto en características técnicas como en documentación).

### **Sétima.- Pagamento**

O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio. Se como resultado da licitación houbera unha baixa, a diferenza repercutirá na achega máxima da Consellería do Medio Rural.

Os importes doutras axudas recibidas polo Concello para o obxecto de este convenio que superen os 32.000 € repercutirán así mesmo diminuindo a achega máxima da Consellería do Medio Rural.

### **Oitava.- Modificación da concesión**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.
2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente



convenio, a persoa titular da Consellería do Medio Rural poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade ou modificación estea comprendida dentro do obxecto deste convenio.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

3. O Concello deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Consellería do Medio Rural, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial, a perda total da subvención concedida.

4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Consellería do Medio Rural, logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta modificación materializarase coa correspondente Addenda de modificación deste convenio.

### **Novena.- Minoración da subvención**

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido nas súas cláusulas. Producirase

a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe de minoración da subvención.

### **Décima.- Reintegro**

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá

dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

### **Décimo primeira.- Transparencia**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Décimo segunda.- Resolución**

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

### **Décimo terceira.- Natureza**

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (artigo 6.1), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e suplementariamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa de interpretalo, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable e suplementariamente serán resoltas pola xurisdición contencioso – administrativa.

### **Décimo cuarta.- Vixencia**

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2018.

### **Décimo quinta.- Normativa aplicable**

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento

- Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

A conselleira do Medio Rural

O alcalde de Larouco

Ánxeles Vázquez Mejuto

Joaquín Bautista Prieto Rodríguez

## **ANEXO**

Deberá existir unha correspondencia entre as características do vehículo tractor e o das desbrozadoras que se menciona a continuación:

### **VEHÍCULO TRACTOR**

- a) Motor
  - a. Potencia mínima 120 CV
  - b. Par máximo mínimo: 500 Nm (ás rpm que corresponda)
  - c. 4 cilindros mínimo
  - d. Con filtro de aire
- b) Transmisión e caixa de cambios
  - a. Embrague accionamento hidráulico ou electrohidráulico
  - b. Inversor electrohidráulico baixo par
- c) Toma de fuerza
  - a. Disco de embrague independente
  - b. Accionamento electrohidráulico cun mínimo de 2 velocidades (540/1000 rpm)
- d) Equipo hidráulico
  - a. Forza alzamento brazo: en función da desbrozadora de brazo
  - b. Circuito hidráulico: caudal mínimo de 95 l/min
- e) Outras
  - a. Ángulo de xiro de dirección 55 grados



- b. Cabina insonorizada con calefacción e aire acondicionado

## **DESBROZADORAS**

### a) Trituradora

- a. Con rotor de martelos
- b. Desprazamento hidráulico lateral e vertical do tractor
- c. Ancho de traballo mínimo: 2 m
- d. Rodillo mínimo de 220 mm
- e. Diámetro mínimo bulón de suxeición do martelo 26 mm
- f. Mínima 6 correas
- g. Espesor mínimo do rotor 12 mm
- h. Disparador de seguridade

### b) Desbrozadora de brazo

- a. Cabezal adiantado
- b. Alcance: 3 – 5,5 m
- c. Cabezal de 1,15 – 1,25 m adaptable a cuchillas e martelos con dobre senso de xiro reversible e rotación
- d. Diámetro mínimo da cuchilla 24 mm
- e. Sistema de refrixeración axeitado

Os apeiros serán totalmente desmontables, permitindo utilizar o vehículo para traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.